



A documentación da Unión Europea:

**guía de recursos electrónicos
para a busca e recuperación de documentación producida
polas institucións e organismos comunitarios**

Traballo do curso "**Recursos electrónicos europeos multidisciplinares como apoio á docencia e a investigación**", celebrado en Lugo, do 11 ao 17 de decembro de 2012.

Inés Amboage García
Biblioteca Intercentros de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela

ines.amboage@usc.es



A UE : INTRODUCCIÓN Á DOCUMENTACIÓN

No artigo 255 do Tratado de Amsterdam recoñécese o acceso público aos documentos do Parlamento, do Consello e da Comisión Europea e obriga ás institucións a unha maior transparencia informativa.

No 2001 e 2002, novos regulamentos obrigan a crear un Rexistro de documentos coa finalidade de mellorar a súa xestión e favorecer o acceso, fixándose uns límites, en aras do “**prexuízo**” causado a intereses públicos ou privados. Igualmente, fíxase un prazo de 15 días como máximo para proporcionar á cidadanía os documentos solicitados. As solicitudes poden facerse mediante o [formulario electrónico de solicitude](#) de documentación.

A pesar do intento de transparencia, a documentación comunitaria é extensa e complexa. A maior parte é editada pola [Oficina de Publicacións](#), que ofrece a compra en liña e a descarga de documentos. Ademais xestiona os servizos en liña que permiten acceder gratuitamente á información: sobre normativas, publicacións, licitacións e investigación da UE.

Posto que gran parte da documentación europea é o resultado dos procedementos que articulan a toma de decisións por parte das institucións e organismos implicados, parece obvio coñecer antes ese marco institucional, logo a documentación que cada un deles emite e finalmente as ferramentas ou instrumentos que nos permiten realizar unha busca eficaz.

O triángulo decisional

Consello da UE (*)

- Representa os intereses dos Estados membros.
- Sede en Bruxelas
- Principal órgano da toma de decisións da UE, formado por un representante de cada Estado con rango ministerial. Non ten composición fixa: constitúese en cada ocasión con ministros que teñan competencia sobre a materia que se vaia tratar.
- A presidencia é exercida por rotación por cada Estado membro durante un periodo de 6 meses.
- Aproba leis conxuntamente co Parlamento.
- Organízase nunha Secretaría Xeral e un Comité de Representantes Permanentes (COREPER)
- Competencias:
 - Toma de decisións fundamentais en materia de política e economía
 - Asinar os actos normativos
 - Representación internacional, xunto coa Comisión.

Parlamento Europeo

Comisión Europea

(*) Non confundir co [Consello de Europa](#), que non é unha institución da UE, xa que é unha organización rexional internacional, formada por 47 países europeos e outros máis en calidade de observadores, como EEUU, Xapón, Canadá, etc.

(*) Nin co [Consello Europeo](#), que non é unha institución comunitaria en sentido estricto, pero asume funcións de orientación e decisión importantes en materias comunitarias. Está formado polos Xefes de Estado e de Goberno dos países da UE, o presidente do Consello da UE e o presidente da Comisión.

O triángulo decisional

Parlamento Europeo

- Representa os intereses dos pobos dos países que conforman a UE.
- Sede plural: Bruxelas, Estrasburgo e Luxemburgo
- Constituído por 785 eurodeputados; a cada país correspóndelle un número determinado.
- As competencias son de carácter:
 - **Lexislativo**, seguindo os procedementos: consultivo, dictamen-conforme e codecisión
 - **Político democrático**: preguntas parlamentarias, comisións de investigación, mocións de censura, informes xerais
 - **Orzamentario**
- Do parlamento depende o [Defensor do pobo](#).

Comisión Europea

- Representa os intereses comúns da comunidade
- A súa sede está en Bruxelas
- Organo colexiado, composto por 27 membros e un presidente.
- Organízase en Direccións Xerais que se ocupan dunha área política particular.
- Principais competencias:
 - "Dereito de iniciativa": propoñer lexislación
 - Xestionar e aplicar as políticas da UE e o presuposto
 - Facer cumprir a lexislación, xunto co Tribunal de Xustiza
 - Representar a UE no panorama internacional

Outros organismos

Xudiciais

- [Tribunal de Xustiza](#), encargado de:
 - Que o dereito comunitario se aplique do mesmo modo en cada Estado membro.
 - Resolver os conflitos entre Estados, empresas e particulares.
 - Conta co:
 - [Tribunal Xeral ou de Primeira Instancia](#)
 - [Tribunal da Función Pública](#)
- [Tribunal de Contas](#) ou Corte de Auditores, encargado da auditoría das contas comunitarias.

Financeiros

- [Banco Central Europeo](#), xestiona o euro, fixa as liñas xerais en materia monetaria e executa a política económica.
- [Banco Europeo de Inversións](#), presta apoio financeiro a proxectos de interese europeo.

Consultivos

- [Comité das Rexións](#), representa ás autoridades locais e rexionais. Emite dictames sobre as propostas da Comisión
- [Comité Económico e Social](#), que representa a empresarios, sindicatos, agricultores, consumidores e outros grupos da "sociedade organizada". Traballan en comités ou seccións especializadas.

Organismos descentralizados


- [Oficina de Publicacións Oficiais](#)
- EPSO [Oficina de Selección do Persoal das Comunidades Europeas](#).

Interinstitucionais

- [Axencias](#)
 - Axencias e organismos descentralizados. Hai máis de 30 axencias repartidas entre todos os países. As súas funcións son de carácter técnico, científico e normativo.
 - Axencias e organismos de EURATOM
 - Axencias executivas. Establécense cunha duración determinada para levar a cabo os programas comunitarios
- Instituto Europeo de Estudos de Seguridade e Centro de Satélites
- Europol e Eurojust.

A UE : PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO

Procedimiento legislativo UE



É importante coñecer como “circula” a documentación entre as diferentes institucións e organismos.


Procedimiento legislativo UE



Esquema tomado do traballo de: Ramón Reyero, Eva e Benilde Luengo Rodríguez. *Fuentes de información de la Unión Europea y Organismos Internacionales* [en liña]. 2011 (consultado 22 decembro 2012). Disponible en: http://ec.europa.eu/spain/pdf/fuentes-informacion-ue-y-oi-vs-web_es.pdf, que mostra os pasos dos procedementos legislativos ordinarios.

A UE : CARACTERÍSTICAS DA DOCUMENTACIÓN

A maior parte da documentación producida é de carácter legislativo. No cadro inferior indícase a súa **tipoloxía**



- É **multilingue**,
- en **papel** e/ou **electrónica**,
- cada grupo documental destinado a un público en concreto

Atendendo ao **aspecto xeopolítico**, a documentación da UE é:

- Supranacional
- Internacional
- Nacional

Atendendo á súa **natureza**:

- Burocrática-administrativa
- Legislativa
- Publicitaria-divulgativa

Cadro tomado de: Martín González, Yolanda. La documentación de la Unión Europea: concepto y clasificación. *Bid* [en liña]. 2001 (7) (consultado 20 decembro 2012).
Dispoñible en: <http://www.ub.edu/bid/07marti2.htm>

Toda a documentación presenta unha **notación** que facilita a identificación e a posterior recuperación, xa que proporciona os datos de institución responsable ou autor, data, tipo, numeración correlativa e lingua.

A UE : QUE PUBLICA CADA QUEN: O PARLAMENTO

Publica actas de sesión plenarias, ordes do día, informes legislativos, procedemento orzamentario, etc.

Os documentos do Parlamento identifícanse coas siglas **PE**.

As publicacións máis consultadas son as que forman partes das series:

Serie A: informes presentados ao Pleno polas distintas Comisións e que van a ser debatidos no Parlamento.

Serie B: Propostas de resolución de decisión, preguntas orais, preguntas de turno e mocións de censura

Serie C: Documentos presentados por outras Instituciones comunitarias

- Practicamente toda a súa produción documental está recollida nas bases de datos Eurlex e Prelex.
- Os documentos internos, posteriores ao 2001 están recollidos no [Rexistro de documentos do Parlamento](#).
- Documentos internos anteriores ao ano 2000, poden consultarse no [Arquivo histórico de documentos do Parlamento](#).
- Acceso aos [documentos das Comisións parlamentarias](#) recollidos na súa web.

A UE : QUE PUBLICA CADA QUEN: A COMISIÓN

A Comisión é unha das institucións que máis publica. Cada Dirección Xeral publica informes, informes anuais, documentos divulgativos, revistas, etc. Unha delas é [Eurostat](#), que recompila os datos estatísticos nacionais harmonizados dos países membros.

Os documentos que xera agrúpanse en **series** con notación específica:

- **Documentos COM**: recollen as propostas legislativas da Comisión, antes de chegar á redacción final no DOUE, permitindo así ver a evolución das propostas. Versión electrónica desde 1989.

A notación é: **COM + (ano) + número correlativo + final**

- **Documentos SEC**: documentos internos producidos pola Secretaría Xeral da Comisión. É un documento previo á publicación de un documento COM. Versión electrónica desde 1999.

A notación é: **SEC + (ano) + número correlativo**.

- **Documentos CESE** (antes de 2003 chamado CES): recollen os Dictames do Comité Económico e Social sobre as propostas de lexislación da Comisión nas que o Comité ten dereito a opinar. Tamén recolle as actividades e documentos internos do Comité.

A notación é: **CESE + (ano) + número correlativo**

- **Documentos CDR**: emitidos polo Comité das Rexións, igualmente recolle os dictames desta institución sobre as propostas da Comisión.

A notación é: **CDR + (ano) + número correlativo**

- **Libros blancos e verdes**: publicados pola Comisión coa intención de provocar un debate na cidadanía sobre un tema concreto. Os libros blancos recollen as propostas xa aceptadas polas institucións. Aparecen como documentos COM e algúns son publicados como monografías.

- **Estudos**: estudos encargados pola Comisión a expertos externos.

Practicamente toda a súa produción documental está recollida nas bases de datos Eurlex e Prelex.

Os documentos internos están recollidos no [Rexistro de documentos da Comisión](#).

A UE : QUE PUBLICA CADA QUÉN: O CONSELLO

É a institución máis opaca. Aínda así é posible consultar programacións e orde do día das reunións, comunicados de prensa e as conclusións dos Consellos.

Os sitios web das presidencias do Consello manteñen as ligazóns desde o ano 2005. Das anteriores unicamente se conservan algunhas.

Tamén son interesantes os “Dosieres temáticos”, por ex. “O semestre europeo”

Ao igual que as outras institucións, desde o ano 2001 empezou a funcionar o **Rexistro público de documentos do Consello**. Contén referencias aos documentos do Consello, que se introducen mediante un sistema de arquivo automático.

Figuran todos os documentos non sensibles presentados ao Consello ou a un dos seus órganos preparatorios, que sirven como base para os debates e que poden exercer algunha influencia nos procesos decisorios.

Practicamente toda a súa produción documental está recollida nas bases de datos Eurlex e Prelex
Os documentos internos están recollidos no [Rexistro de documentos](#) do Consello.

A UE : QUE PUBLICA CADA QUÉN: OUTROS ORGANISMOS

Documentos dos Tribunais de Xustiza

A principal publicación é a recompilación de xurisprudencia. É posible a consulta da xurisprudencia desde a base de datos CURIA.

Documentos do Comité das Rexións

[Documentación do Comité das Rexións](#), accesibles desde a súa web.

Son dictames, informes, resolucións, estudos monográficos sobre aspectos rexionais, etc. A súa documentación tamén está sometida a rexistro.

Documentos do Comité Económico e Social

[Publicacións do EESC](#), recollidos na súa web

Son dictames, comunicados de prensa, calendario de reunións e actividades, etc.

É interesante o Boletín de información EESC.

Existe un [Rexistro de documentos](#).

Documentos do Banco Central Europeo

Publica informes trimestrais sobre as actividades do Euro sistema, informes semanais sobre o estado financeiro consolidado.

Tamén publica un informe anual sobre as súas actividades e sobre a política monetaria do ano anterior que envía ao Parlamento e a Comisión.

[Acceso ás publicacións aloxadas na súa web](#)

A UE : O DIARIO OFICIAL DAS COMUNIDADES EUROPEAS

Unha parte moi importante do total da documentación dos organismos e institucións da UE é publicada no [Diario Oficial da Unión Europea](#), DOUE.

É editado polo Servicio de Publicacións en 23 linguas e existe versión electrónica desde 1952.

Do que publica:

- 72% corresponde á Comisión
- 13 % ao Parlamento
- 10% ao Consello
- 2% ao Tribunal de Contas
- 1% outros organismos

Constitúe unha fonte documental esencial. Recolle a documentación normativa aprobada pola Comunidade e aquela relacionada coas actividades levadas a cabo por institucións no exercicio das súas funcións.

Distribúense en **series**:

▪ **Serie L (Lexislación)**: recolle os textos lexislativos. Publica actos que precisan ser publicados para poder aplicarse e outros nos que a publicación non constitúe unha condición obrigatoria para a súa aplicabilidade.

Serie C (Comunicacións): dá publicidade ás comunicacións e informacións procedentes de diferentes institucións comunitarias:

- Resumos de sentencias dos Tribunais de Xustiza
- Actas de reunións parlamentarias
- Informes do tribunal de Contas
- Preguntas parlamentarias escritas e as súas respostas
- Dictames do Comité Económico e Social e do Comité das Rexións
- Contratos públicos

▪ **Serie S** (suplemento): cos anuncios de concursos públicos.

A UE : FERRAMENTAS PARA ATOPAR A DOCUMENTACIÓN EUROPEA (1)

PORTAL EUROPA

O [Portal Europa](#) é a principal fonte de información da UE.

Nas súas páxinas pode atoparse a texto completo: lexislación, xurisprudencia, folletos, mapas, vídeos, informes técnicos, estatísticas, etc. nun conxunto de máis de un millón de documentos.

A través deste sitio accédese a todos os organismos e institucións.

Dado o seu tamaño e complexidade, navegar polas innumerables páxinas non resulta doado para localizar documentación. Así pois utilizar unha ferramenta de busca (buscador, base de datos, repositorio, catálogo de publicacións, etc) pode ser unha opción máis eficaz.

A UE : FERRAMENTAS PARA ATOPAR A DOCUMENTACIÓN EUROPEA (2)

BUSCADORES

<u>Europa search (Direct Europa)</u>	Buscador da Unión Europea sobre as informacións emitidas polas institucións e axencias da UE publicadas no portal Europa (non contén a información recollida en Pre-Lex).
<u>SearchEuropa</u>	Xestionado polo European Journalist Center, busca dentro dos 28 millóns de páxinas pertencentes ao dominio europa.eu; busca en todo o portal Europa e inclúe información de Eur-Lex.
<u>Google</u>	O buscador permite realizar unha busca por dominio. Así podemos facer unha busca utilizando o comando "site". Non é unha recuperación exhaustiva. <i>Ex. Milk quotes site:europa.eu</i>
<u>Google académico</u>	Unicamente recolle publicacións "académicas", polo que non se recuperan a maior parte das publicacións da UE, pero, dado que teñen un carácter aberto e poden ser vertidas noutras fontes, é posible atopar un número considerable de documentación comunitaria de forma indirecta en Google académico. Sen carácter exhaustivo.

A UE : FERRAMENTAS PARA ATOPAR A DOCUMENTACIÓN EUROPEA (3)

BASES DE DATOS PARA DOCUMENTACIÓN LEGAL E XURÍDICA

<u>Eur-lex</u>	Actualízase diariamente e proporciona acceso a documentos da: <ul style="list-style-type: none">▪ Serie L e C do Diario Oficial da Unión Europea▪ Textos de tratados (texto completo únicamente nos máis recentes)▪ Lexislación comunitaria vixente▪ Lexislación en preparación▪ Xurisprudencia recente▪ Preguntas parlamentarias▪ Documentos de interese público que reflexen a opinión da Comisión, como os <u>Libros blancos</u>, <u>Libros verdes</u>
<u>Pre-lex</u>	Tamén de actualización diaria, recolle a documentación xerada no seguimento dos procedementos interinstitucionais: Fundamentalmente describe os textos oficiais que van xurdindo, transmitidos pola Comisión aos corpos lexisladores (Consello e Parlamento)
<u>OEIL, The Legislative Observatory</u>	Principal ferramenta para a recuperación da documentación parlamentaria. Unicamente en inglés e francés. Reúne información de procedementos (normativos e orzamentarios) e traballos das comisións e outros órganos.
Rexistro de documentos	<u>Documentos do Parlamento</u> , <u>do Consello</u> , <u>da Comisión Europea</u> e da <u>Comisión de Comitoloxía</u> , para buscar documentos "non publicados" (quere dicir non accesibles no Portal Europa) emitidos por estas institucións.
<u>Curia</u>	Recolle a documentación xerada polo Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e do Tribunal de 1ª. instancia.
<u>N-lex</u>	Portal de acceso ao dereito de cada país
<u>ScadPlus</u>	Síntese da lexislación da UE

A UE : FERRAMENTAS PARA ATOPAR A DOCUMENTACIÓN EUROPEA (4)

OUTRAS BASES DE DATOS

<u>Eu WhoisWho</u> (antes IDEA)	Directorio da UE. Recolle os organigramas das institucións da Unión Europea, podéndose consultar por institucións, persoas e orde xerárquico.
<u>TED</u> , Tenders Electronic Daily, suplemento ao Diario Oficial da Unión Europea (antigo DOCE S o serie S)	Base de datos de licitacións e contratos públicos aparecidos no Diario Oficial da UE. Son contratos de suministro de obra e servizo.
<u>Bases de datos de aduanas e fiscalidade</u>	
<u>RAPID</u>	Acceso rápido aos documentos de prensa e de información do Servizo de Portavoz da Comisión. Tamén contén informacións de prensa, discursos e comunicados do Consello Europeo.
<u>ZACAT</u>	Busca, analiza e permite a descarga de información extraída do Eurobarómetro. Proxecto desenvolvido polo Leibniz Institute for the Social Sciences
<u>Todas as bases de datos</u>	<u>Lista temática</u>

A UE : FERRAMENTAS PARA ATOPAR A DOCUMENTACIÓN EUROPEA (5)

CATÁLOGOS DE BIBLIOTECAS E REPOSITARIOS

<u>ESO (European Sources Online)</u>	<p>Instrumento de acceso restrinxido, xestionado pola Univ. de Cardiff, e accesible desde dominio.usc.</p> <p>Permite o acceso ao texto completo de artigos de revistas electrónicas editadas por organismos da UE, libros e documentos lexislativos.</p> <p>Tamén engloba a produción científica dos organismos de investigación.</p>
<u>E-Class</u>	<p>Catálogo colectivo das 27 bibliotecas pertencentes á Comisión Europea.</p> <p>Contén monografías, artigos de revistas, libros académicos, ponencias, etc. Tamén publicacións editadas por outras editoriais que teñan interese para a UE.</p> <p>Boa parte destas publicacións teñen acceso electrónico gratuito.</p>
<u>JRC Repository</u>	<p>O Joint Research center é outro organismo dependente da Comisión, que proporciona soporte técnico e científico de carácter independente para as políticas económicas e políticas da UE.</p> <p>No repositorio están recollidas estas publicacións (todas electrónicas) a texto completo.</p>
<u>EUBookShop</u>	<p>Librería da UE. As publicacións habitualmente agrúpanse en coleccións. Desde este catálogo pódense mercar as edicións impresas e descargar de balde as versións electrónicas. Especialmente hai monografías, estudos, etc., pero non documentación "interna" das institucións.</p>
<u>European Research Papers Archive</u>	<p>Repositorio que non pertence á UE, pero que recolle artigos científicos, papeis de traballo, etc. publicados por diferentes institucións sobre o tema da integración europea.</p> <p>Indexado en Web of Knowledge.</p>

A UE : FERRAMENTAS PARA ATOPAR A DOCUMENTACIÓN EUROPEA (6)

ARQUIVOS E DOCUMENTOS HISTÓRICOS

<p>Para documentación antiga, que non é accesible directamente desde o Portal Europa, son varios os repositorios, a maioría deles sustentados por Universidades, que albergan coleccións dixitalizadas de documentación histórica da UE.</p>	
<p><u>Europeana</u></p>	<p>Creada no ano 2007, por iniciativa da Comisión Europea, é a biblioteca dixital do patrimonio cultural europeo. Conta con máis de sete millóns de imaxes dixitalizadas de pintura, libros, mapas, son, imaxes de cine, etc. procedentes de bibliotecas nacionais, rexionais e museos dos Estados membros.</p>
<p><u>Arquivos históricos da UE</u></p>	<p>O acceso aos arquivos históricos da UE ríxese pola norma "dos 30 anos": os documentos ábreanse ao público 30 anos despois da súa data de creación. Aloxada na sede do Instituto Universitario Europeo de Florencia.</p>
<p><u>CVCE (Center for European Studies, Luxemburgo)</u></p>	<p>O CVCE recolle os traballos de recoñecidas figuras no ámbito do proceso de integración europea: research corpora, subject files, interviews. Permite a consulta de máis de 20 000 documentos.</p>
<p><u>Archive of European Integration (AEI)</u></p>	<p>Creado pola Universidade de Pittsburgh no 2003. O Arquivo da Integración Europa (AEI) é un repositorio dixital que recompila documentos de investigación en torno ao proceso de integración e unificación europeas, recollendo tanto documentos oficiais da EU e da Comunidade Europea como documentos de investigación independentes.</p>
<p><u>ArchiDok</u></p>	<p>Creado no 2005 e sostido pola Universidade de Mannheim, este repositorio recolle papeis de traballo, estudos, informes e en xeral toda a chamada "literatura gris" producida no seo da UE publicada con posterioridade ao ano 2000. Documentos COM, EP, CDR, EESC non se recollen neste repositorio (están en Eurlex e outras bases de datos).</p>

A UE: BIBLIOGRAFÍA SOBRE A DOCUMENTACIÓN EUROPEA

1. European Union internet resources [sitio web]. University of California Berkeley, (consultado 17 decembro 2012). Disponible en: http://www.lib.berkeley.edu/doemoff/govinfo/intl/gov_eu.html#bib
2. Martín González, Yolanda. *Manual de documentación de la Unión Europea*. Gijón: Trea, 2007.
3. Martín González, Yolanda. La documentación de la Unión Europea: concepto y clasificación. *Bid* [en liña]. 2001 (7) (consultado 17 decembro 2012). Disponible en: <http://www.ub.edu/bid/07marti2.htm>
4. Ramón Reyro, Eva e Benilde Luengo Rodríguez. *Fuentes de información de la Unión Europea y Organismos Internacionales* [en liña]. 2011 (consultado 15 decembro 2012). Disponible en: http://ec.europa.eu/spain/pdf/fuentes-informacion-ue-y-oi-vs-web_es.pdf
5. Thomson, Ian. *Europe on the internet* [en liña]. Cardiff: EDC, 2012 (consultado 15 decembro 2012). Disponible en: www.cardiff.ac.uk